

## Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 2 de setembro do 2016

CONCELLEIROS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.

José Luis Sampedro Bouzas.

José Pedro Cambón Fernández.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 2 de setembro de 2016, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario José Antonio Bouzas Neo, secretario accidental do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 20 de xullo de 2016.
- 2º.- Licenza de obra menor.
- 3º.- Comunicacións previas (obra menor).
- 4º.- Comunicación previa (apertura).
- 5º.- Licenza de segregación.
- 6º.- Licenza de obra maior.

### **PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 20 DE XULLO DE 2016.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 20 de xullo de 2016.

### **SEGUNDO.- LICENZA DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Amancio Rial Bouza, que di actuar en representación de MARIA TERESA VILARIÑO PICOS, con domicilio en Avd. Vicente Ramos 10, Os Ánxeles, na que solicita licenza de obra para arranxar unha tubería de auga diante da vivenda da Avd. Vicente Ramos 10, Os Ánxeles, levantando dúas baldosas na beirarrúa e repoñéndoas ao seu estado orixinal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que se repoña ao seu estado previo o tramo de viario municipal afectado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA ASUNCION BLANCO VIDAL, con domicilio en Vilar 22, Viceso, na que solicita licenza de obra para reparar a cuberta do alpendre de Vilar 22, Viceso, de 100 m<sup>2</sup> de superficie, substituíndo a uralita existente por outra nova e tella do país, sen incrementar o seu volume.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRO1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 12 de agosto de 2016 (expediente 1259/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSE FERREIRO VEIRAS, con domicilio en Tembra 19, Boullón, na que solicita licenza de obra para arranxar a cuberta dun alpendre en Tembra 19, Boullón, de 100 m<sup>2</sup> de superficie, colocando tella sobre a uralita existente, sen incrementar o seu volume.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 12 de agosto de 2016 (expediente 1260/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por RAQUEL FORJAN VIDAL, con domicilio en Ons de Abaixo 12, Ons, na que solicita licenza de obra para arranxar a cuberta da vivenda de Ons de Abaixo 12, Ons, de 120 m<sup>2</sup> de superficie, substituíndo a tella existente por tella e uralita nova, sen incrementar o seu volume.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 12 de agosto de 2016 (expediente 1476/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSE ANTONIO GOMEZ SERRAMITO, con domicilio en Chave de Carballo 14, Bastavales, na que solicita licenza de obra para substituír o muro actual de formigón armado por un muro de pedra de 1,80 metros de altura e cubrición con tella por encima do portalón de entrada. O muro situarase a 5 metros do eixo do camiño e o portalón de acceso máis cara dentro para permitir aparcas coches.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 12 de agosto de 2016 (expediente 1283/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

### **TERCEIRO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL REY RODRIGUEZ, con domicilio en Lamiño 41, Brión, na que comunica que vai illar e pintar o exterior da vivenda de Lamiño 41, Brión.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria), en aplicación do disposto ao respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.b).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Marina Vigo Formoso, que di actuar en representación de ROSENDO VIGO IGLESIAS, con domicilio en Riazos 6, Brión, na que comunica que vai ampliar e substituír o portalón de entrada ao garaxe sen modificar o volume da fachada, en Riazos 6, Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JESUS GUNDIN SANCHEZ, con domicilio en Tembra 40, Boullón, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Tembra 40, Boullón:

- Pintar as fachadas da vivenda de 120 m<sup>2</sup> de superficie, sen incrementar o seu volume.
- Reparar o revocado da vivenda e substituír as tellas que estean en mal estado, sen incrementar o seu volume.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo apto para urbanizar, séndolle de aplicación, en base á disposición transitoria 1<sup>a</sup>.2.b) da Lei 2/2016, o disposto nesta lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAMON CASAL VILARELLE, con domicilio en Romarís 2, Bastavales, na que comunica que vai construír un galpón de 45 m<sup>2</sup> de superficie, na parte traseira da vivenda de Romarís 2, Bastavales, con bloques de formigón, revestidos e pintados e uralita vermella na cuberta. A altura máxima será de 2,50 metros.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación, en base á disposición transitoria 1<sup>a</sup>.2.d) da Lei 2/2016, o disposto nesta lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que o recuamento da construción aos lindes da parcela non sexa inferior a 5 metros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTIA MATO BOUZAS, con domicilio en Mato 16, Luaña, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda de Mato 16, Luaña:

- Reparar o revocado da cuberta da vivenda de 17 metros de largo (só das dúas fachadas principais), arranxando a última ringleira de tellas, sen alterar o volume da cuberta.
- Revestir con cal hidráulica o penal norte da vivenda, de 7 metros de largo.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CELIA PAZOS SOAGE, con domicilio en Beca 15, Bastavales, na que comunica que vai construír un peche de parcela de 30 metros de lonxitude, con maia e postes de ferro, situado a 7,00 metros do eixo da estrada, en Beca 31, Bastavales.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que a altura do peche non debe ser superior a 1,80 metros de alto, medidos sobre a rasante natural do terreo.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL PORTAS PEREZ, con domicilio en Condomiña 10, Ortoño, Ames, na que comunica que vai pintar parte da fachada principal do edificio da Avd. de Noia 16, Os Ánxeles, en cor branca, nunha superficie de 60 m<sup>2</sup>.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN MANUEL CHAVES MOURE, con domicilio en Liñares 31, Rois, na que comunica que vai construír un galpón de 50 m<sup>2</sup> de superficie para gardar apeiros agrícolas en Vilas, Bastavales. O galpón farase de pedra, cunha altura máxima de 3,50 metros e a 5,00 metros do linde particular.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo rústico de protección forestal, séndolle de aplicación, en base á disposición transitoria 1<sup>a</sup>.2.d) da Lei 2/2016, o disposto nesta lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANDRES CALVO BARBAZAN, con domicilio en Vexo 9, Luaña, na que comunica que vai cambiar a tella e a uralita da cuberta da vivenda de Vexo 9, Luaña, de 90 m<sup>2</sup> de superficie, por outra nova sen incrementar o seu volume.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

j) Deuse conta dunha instancia presentada por VICTOR MANUEL ESPARIS GARCIA, con domicilio en Fonte Paredes 4, Ons, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Fonte Paredes 4, Ons, de 35 m<sup>2</sup>, substituíndo a cobertura actual por outra a base de uralita e tella, sen incrementar o seu volume.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (APERTURA).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Jesús Sánchez Pacheco, que di actuar en representación da Taberna Repouso SL e por María Dora Rodríguez Serramito, con domicilio na Avd. da Peregrina, 2B, 4<sup>o</sup>I, Bertamiráns, Ames, na que se comunica o cambio de titularidade da licenza de café bar "O Repouso", situado na Avd. dos Ánxeles 28, Os Ánxeles.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de María Doras Rodríguez Serramito e preténdese poñer a nome de Taberna Repouso SL.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de café bar "O Repouso", situado na Avd. dos Ánxeles 28, Os Ánxeles, a nome de Taberna Repouso SL.

#### **QUINTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Cristina Sánchez Vázquez, que di actuar en representación de LUIS LINO RODRIGUEZ CASTRO, con domicilio na Avd. Vicente Ramos 26, Os Ánxeles, de solicitude de licenza de agregación e segregación dunhas fincas no Tremo, Os Ánxeles, segundo proxecto redactado pola enxeñeira técnica agrícola Cristina Sánchez Vázquez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas A Coruña-Pontevedra, visado nº 542/16 e documentación complementaria presentada o 11/07/2016 (r.e.3036).

Descrición das parcelas orixinais:

Parcela con referencia catastral 7549145NH2474N0001OJ

Superficie: 2.661 m<sup>2</sup> segundo catastro e 2.670 m<sup>2</sup> segundo plano 2 e nota simple.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural na zona leste, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2) e solo urbano consolidado pola edificación, séndolle de aplicación as normas para o resto do solo urbano (UC-2).

Lindes:

Norte: outra finca de Luis Lino Rodríguez Castro, herdeiros de Marcelino Brea Rodríguez, agora Rosa María Aparicio Carcamo, campo da Capela de Guadalupe e casa de Fernando Manuel Pérez Tuñas, agora María Élida Ferreiro Rama.

Sur: parcela A segregada e puntualmente con herdeiros de Nimo del Cabo, agora Ramón Vázquez Iglesias.

Leste: camiño público e en parte casa de Fernando Manuel Pérez Tuñas, agora María Élida Ferreiro Rama e parcelas segregadas A e parcela segregada B de Ramón Rodríguez Calvo.

Oeste: herdeiros de Nimo del Cabo, agora Ramón Vázquez Iglesias e Juan Fernando Guillén Fajardo.

Parcela con referencia catastral 7549146NH2474N0000JH

Superficie: 1.200 m<sup>2</sup> segundo catastro e 1.200 m<sup>2</sup> segundo plano 2 e escrituras.

Clasificación urbanística: solo urbano consolidado pola edificación, séndolle de aplicación as normas para o resto do solo urbano (UC-2).

Lindes:

Norte: resto da finca matriz.

Sur: parcela B.

Leste: camiño público.

Oeste: resto da finca matriz.

Agregación e segregación pretendida:

Parcela con referencia catastral 7549146NH2474N0000JH

Segregaselle no vento norte unha franxa de 78 m<sup>2</sup>.

Parcela resultante bruta: 1.122 m<sup>2</sup> (1.062 m<sup>2</sup> + 59,18 m<sup>2</sup> de cesión)

Clasificación urbanística: solo urbano consolidado pola edificación, séndolle de aplicación as normas para o resto do solo urbano (UC-2).

Lindes:

Norte: parcela resultante da parcelación.

Sur: parcela B de Ramón Rodríguez Calvo.

Leste: parcela de cesión 1 (59,18 m<sup>2</sup>).

Oeste: parcela resultante da parcelación.

Parcela con referencia catastral 7549146NH2474N0000JH

Agrégaselle no sur unha franxa de 78 m<sup>2</sup>.

Parcela resultante bruta: 2.748 m<sup>2</sup>

Clasificación urbanística:

Clasificación urbanística:

Solo de núcleo rural na zona leste, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2). Superficie bruta: 1.648 m<sup>2</sup>.

E solo urbano consolidado pola edificación, séndolle de aplicación as normas para o resto do solo urbano (UC-2). Superficie bruta: 1.100 m<sup>2</sup> (1.045,14 m<sup>2</sup> + 54,86 m<sup>2</sup> de cesión).

Lindes:

Norte: outra finca de Luís Lino Rodríguez Castro, Rosa María Aparicio Carcamo, campo da Capela de Guadalupe e María Élida Ferreiro Rama..

Sur: resto da parcela A segregada e puntualmente con Ramón Vázquez Iglesias.

Leste: parcela de cesión 1 (54,86 m<sup>2</sup>) e en parte María Élida Ferreiro Rama e parcela segregada A e parcela segregada de Ramón Rodríguez Calvo.

Oeste: Ramón Vázquez Iglesias e Juan Fernando Guillén Fajardo.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade cos informes favorables da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, informando ao interesado que no caso de que pretenda construír novas edificacións nas parcelas segregadas, de conformidade co sinalado no art. 150 da Lei do solo de Galicia deberá proceder á cesión dos terreos afectados pola traza viaria.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

## **SEXTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JESUS CAPEANS GOMEZ, con domicilio en Lago 8, Os Ánxeles, de solicitude de licenza de obra maior para ampliar a vivenda unifamiliar situada en Lago 8, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto José Luís Estévez Suárez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09/06/2016.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto José Luís Estévez Suárez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09/06/2016.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a Alcaldía Presidencia ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptará todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisiones de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario accidental

José Luis García García

José Antonio Bouzas Neo